

NEGREIRA**ANUNCIO**

Aprobación definitiva da modificación do Regulamento de organización e funcionamento do servizo de comedor sobre rodas e publicación do texto íntegro

Con data de 2 de outubro de 2008 no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 228, publicouse anuncio de aprobación inicial da modificación do Regulamento de Organización e Funcionamento do Servizo de Comedor sobre Rodas.

Considerando que durante o correspondente prazo, non se presentaron reclamacións nin suxerencias á devandita modificación, considérase ésta aprobada definitivamente, publicándose a continuación, o texto íntegro do citado Regulamento, coa citada modificación integrada:

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR SOBRE RODAS**CAPITULO I**

ART.1.- OBXECTO. Obxecto e ámbito de aplicación.

O presente regulamento, ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do servizo público municipal de comedor sobre rodas.

ART.2.- FUNCIONS

Este servizo público ten como finalidades mellorar a calidade de vida das persoas maiores ou con minusvalías que lles provocan certo nivel de dependencia.

Con este servizo tentarase complementar o servizo de axuda no fogar que presta o Concello de Negreira, na modalidade de xestión directa. Deste modo procuraranse aproveitar as sinerxías recíprocas, para prestar atencións ás persoas necesitadas no seu propio contorno de convivencia.

O servizo prestarase con respecto á dignidade persoal e do dereito individual a programar a propia forma de vida, con autonomía individual na toma de decisións que lle afecten.

ART. 3.- DOS USUARIOS.

3.1.- Poderán ser usuarios deste servizo de comedor sobre rodas as seguintes persoas ou grupos:

Persoas maiores que vivan soas e con certo nivel de dependencia, que non teñan a ningún que os atenda o suficiente en actividades básicas da vida diaria: preparar comida, etc.

Unidades familiares formadas por dúas ou varias persoas maiores con certo nivel de dependencia e que necesiten axuda nas tarefas antes mencionadas.

Persoas discapacitadas ou incapacitadas, que grazas a estes servizos poden ver mellorada a súa calidade de vida.

Persoas en xeral que pola situación de enfermidade ou falta de recursos sociais ou económicos, teñan dificultades para desenvolverse por si mesmos.

3.2.- Requisitos xerais para ter acceso ó servizo:

- Empadramento no termo municipal de Negreira.
- Que non presenten un estado de deterioro físico ou psiquiátrico, tal que necesiten un internamento asistido, posto que este servizo e prestado no fogar dos usuarios.
- Que reúnan as condicións persoais, sociais e económicas precisas.

CAPÍTULO II**PROCEDEMENTO DE ACCESO Ó SERVIZO.**

ART. 4.-

4.1.- Os interesados no servizo, presentarán a oportuna solicitude que lles será facilitada nos servizos municipais e que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Negreira.

Non obstante, os servizos sociais poderán de oficio, diante de situacións de necesidade obxectivada, promover –sempre co consentimento do afectado- a prestación de tal servizo.

4.2.- Os interesados xuntarán coa solicitude a seguinte documentación:

- Xustificantes de ingresos económicos da unidade económica de convivencia.
- Informe médico.
- Certificado de empadramento e convivencia.

4.3.- As solicitudes serán avaliadas pola responsable do Departamento dos Servizos Sociais, conforme o seu leal saber e entender e de acordo cos requisitos deste regulamento.

A responsable dos servizos sociais elevará informe proposta á Alcaldía para que de xeito motivado emita a resolución que proceda, ó abeiro do ordenamento xurídico.

En caso de urxencia, apreciada pola propia Alcaldía-Presidencia, a resolución de admisión ó servizo poderá ser adoptado pola propia Alcaldía.

4.4.- Excepcionalmente e no caso de necesidade xustificada, a persoa responsable dos servizos sociais poderá prestalo a requirimento de persoas que non reúnan a condición de usuarios. Deberá rexistrarse tal circunstancia e dar conta inmediata á Alcaldía quen transitoriamente, cos oportunos informes sociais, decidirá si se presta ou non de xeito preventivo tal servizo ata que se resolva o expediente de concesión.

CAPÍTULO III**RÉXIME ECONÓMICO**

ART. 5.-

Este servizo financiarase coas achegas procedentes das administracións públicas ou Institucións, incluídas as transferencias que poda efectuar o propio Concello e coas achegas mediante taxa dos usuarios nas condicións, estas últimas, previstas na ordenanza fiscal municipal.

CAPÍTULO IV**DA ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO.**

ART.6.-

O goberno e a administración destes servizos correspóndelle ó Concello de Negreira a través dos seus órganos competentes consoante coa lexislación de bases de réxime local. O Concello consta inscrito no rexistro de entidades que prestan Servizos Social da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar co número F-00248.

O Concello de Negreira, velará polo bo funcionamento deste servizo, exercendo as facultades tutelares sobre os seus usuarios, de acordo co sistema de competencias establecido na lexislación básica de réxime local.

A modalidade de xestión prevista ó abeiro do art. 85 da LBRL é a de xestión directa por parte do Concello de Negreira.

Baixo a dirección política municipal que resulte da organización político-administrativa a actividade ordinaria deste servizo de comedor sobre rodas, terá como responsables administrativos dentro do Concello de Negreira para a súa supervisión o/a técnico/a da área de Servizos Sociais, que se encargará das tarefas desta natureza.

ART.7.- DO RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO.

* Inclúe a preparación ou elaboración das comidas do medio día (xantar), que se achegarán ós usuarios. Os usuarios do servizo coñecerán os menús dispoñibles e dentro deste abano de opcións terán dereito a elixir a que consideren ou estimen oportuno.

* Procurarase que as dietas sexan o mais individualizadas posible.

* Está prohibido que se sirvan bebidas alcohólicas.

O servizo inclúe o transporte, co cumprimento das condicións hixiénico-sanitarias esixibles consonte á lexislación vixente, dende o servizo de cociña (empresa concertada) ata o domicilio do interesado (usuario).

A empresa concertada para a elaboración dos menús deberá contar co persoal de cociña cualificado e, en todo caso, cos pertinentes permisos de manipulación de alimentos, para o servizo de cociña.

CAPÍTULO V**ESTATUTO XURÍDICO DOS USUARIOS: DEREITOS E DEBERES.****ART. 8.- DEREITOS.**

Os usuarios do servizo de comedor sobre rodas terán os seguintes dereitos:

1.- Acceder ó servizo e recibilos sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia, persoal ou social. As persoas que padezan algunha minusvalía, gozarán da protección que lles atribúen as leis e, en todo caso, a prestación deste servizo garantirá a súa plena integración.

2.- Á consideración, no trato, debida a dignidade de persoa por parte do persoal do servizo.

3.- Ó segredo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e social.

4.- A unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas. A coñecer con antelación os menús.

5.- A deixar de utilizar o servizo por vontade propia.

6.- A asociarse co obxectivo de favorecer a súa participación na programación e desenvolvemento das actividades.

7.- A utilizar as vías de reclamación e suxestións, para solicitar información sobre as normas de funcionamento e os medios de comunicación (queixas, suxestións, reclamacións e preguntas).

8.- A seren indemnizados polos danos que lles ocasione o funcionamento do servizo pola entidade que preste o servizo, agás que o dano se producira como consecuencia do cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación (Concello de Negreira), con carácter de ineludible.

ART. 9.- DEBERES DOS USUARIOS.

Os usuarios terán ademais, dos deberes que resulten do conxunto do ordenamento xurídico, os seguintes:

1. Cumprir as normas sobre acceso e utilización do servizo, establecidas no presente regulamento e no resto do ordenamento xurídico.

2.- Tratar co máximo respecto ó persoal do servizo e ós outros usuarios/as e o deber de coidar os utensilios empregados.

3.- Observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración encamiñada a facilitar unha mellora do servizo.

4.- Facilitar a información precisa, que non afecte a súa intimidade e redunde na mellora das prestacións.

ART. 10.- En todo caso serán de aplicación supletoria e/ou complementaria os dereitos e deberes sinalados no capítulo terceiro (arts. 34 e seguintes da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia.

CAPÍTULO VI**PERDA DA CONDICIÓN DE USUARIO DO COMEDOR SOBRE RODAS DO CONCELLO DE NEGREIRA.**

ART. 11.- A condición de usuario destes servizos perderase polas seguintes causas:

a) Por renuncia voluntaria dos usuarios ou dos seus representantes legais, que precisarán autorización xudicial no suposto de persoas xudicialmente incapacitadas.

b) Polo incumprimento reiterado das obrigas propias deste servizo.

c) Por precisar asistencia ou axuda para a realización das actividades da vida diaria de carácter especializado, que non correspondan cos servizos.

d) Por incumprimento reiterado no pagamento das cotas establecidas na ordenanza fiscal. Considerarase que hai reiteración, cando se produza o impago de dúas mensualidades sucesivas ou de tres con discontinuidade no tempo.

Para aplica-las causas de perda da condición de usuario dos servizos nas letras b, c, d anteriores, será preciso tramitar expediente administrativo con audiencia do usuario e decisión fundamentada do órgano municipal que autorizou o servizo.

CAPÍTULO VII**RÉXIME SANCIONADOR****ART. 12.-**

a) Os usuarios deste servizo, serán os responsables dos danos e prexuízos que por acción ou omisión causen na operatividade do servizo e nos seus utensilios.

b) Sen perxuízo da responsabilidade penal ou civil en que puidesen incorrer por tales ou omisións, que poderá esixirse diante dos xulgados das faltas previstas neste capítulo serán obxecto de procedemento sancionador que, con carácter xeral, establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro.

ART. 13.-

Para os efectos previstos no artigo anterior, as faltas clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Faltas moi graves:

a) A reiteración de tres ou máis faltas graves.

b) A agresión física ou malos tratos de cara ó persoal que traballe neste servizo.

c) Falsear ou ocultar declaracións ou aportar datos inexistentes ou relevantes en relación coa condición de usuario do servizo ou distintos beneficios.

d) Ocasionar danos relevantes nos bens e medios afectos ó servizo.

Faltas graves:

a) A reiteración de tres ou máis faltas leves.

b) Entorpecer, intencionadamente e habitualmente, as actividades a realizar polos servizos.

c) A sustracción de bens ou calquera clase de obxecto, propiedade do servizo ou afecto a el.

- d) A demora inustificada do pagamento da taxa.
- e) A utilización do servizo, aínda que esta fose temporal, por parte de familiares e/ou amigos do usuario autorizado.

Faltas leves:

a) A simple falta de respecto, manifestada incorrección no trato, actitudes ou palabras desconsideradas ou inconvenientes de cara ó persoal adscrito ó servizo.

b) O descoido ou negligencia no uso dos medios que estean afectados ó servizo.

ART. 14.-

As sancións que se impoñan ós usuarios que incorran nalgunha das faltas clasificadas anteriormente serán as seguintes:

Faltas moi graves:

- Suspensión temporal da prestación deste servizo por un período de un (1) mes a seis (6) meses, podéndose chegar en determinados casos ata a expulsión definitiva.

Faltas graves:

- Suspensión temporal do servizo por un período de 10 días ata un (1) mes.

Faltas leves:

- Amonestación verbal ou escrita.

Para a graduación das sancións previstas teranse en conta as circunstancias persoais do autor responsable, tales como a idade, condicións físicas e psíquicas, nivel de formación, así como a transcendencia dos feitos e a alarma, intranquilidade ou inqueda producida entre os beneficiarios ou persoal das ditas instalacións, ademais das manifestacións ou mostras de sincero arrepentimento do autor e a reparación inmediata dos danos ou prexuízos ocasionados.

ART. 15.-

As faltas leves prescribirán ós dous meses, as graves ós catro e as moi graves ó ano, sempre que durante estes períodos de tempo non se lle comunicara ó interesado a incoación do expediente ou, no caso das faltas leves, se lle impuxese unha sanción.

As faltas serán sancionadas polo alcalde-presidente.

DISPOSICIÓN FINAL

1) Corresponderalle, ó Concello de Negreira, as facultades de aplicar e interpreta-las disposicións contidas neste regulamento, sen prexuízo das facultades que en todo caso correspondan os tribunais.

2) Elaborarase un documento, na modalidade de contrato, que asinará o Concello de Negreira e o usuario e que será aprobado como un anexo que se aprobe co expediente contractual e no que se fixe, como mínimo o réxime de dereitos e deberes no funcionamento diario do servizo.

3) Para o non previsto neste regulamento estarase ó disposto na Lei 5/97, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, Lei 7/85 do 2 de abril e regulamentos que a desenvolven e na Lei 4/93 do 14 de abril de servizos sociais, Lei 3/97 do 9 de xuño galega da familia, a infancia e menores.

4) No anexo do contrato de prestacións deste servizo fixarase, polo miúdo, a capacidade operativa do servizo, xunto coa definición cualitativa dos menús e o seu horario.

5) O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente no BOP e cumprido o prazo previsto no artigo 65.2 da lei 7/85, do 2 de abril.

Negreira, 12 de novembro de 2008.

Juan García Fuentes

Alcalde-Presidente.

08/14351-x

A POBRA DO CARAMIÑAL

Alcaldía

ANUNCIO

Contratación. Reparación da cuberta do polideportivo da rúa Venecia

Adxudicación provisional do contrato da execución do proxecto de obra denominado "REPARACIÓN DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO DA RÚA VENECIA".

Por Resolución da Alcaldía núm. 555/2008, de data 27 de novembro de 2008 acordouse adxudicar provisionalmente o contrato administrativo da execución do proxecto de obra denominado "REPARACIÓN DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO DA RÚA VENECIA" á empresa TALLERES MARTELO, S.L. polo importe de 60.000 euros (51.724,14 euros sin IVE).

O que se publica en cumprimento do disposto no artigo 135 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Pobra do Caramiñal, a 28 de novembro de 2008

O ALCALDE

Asdo: Isaac Maceiras Rivas

08/14718-0

PONTEDEUME

ANUNCIO

Adxudicación provisional subministro vehículo patrulla. Expediente S-N-03-2008

Por Resolución da alcaldía nº 966/2008, do 20 de novembro de 2008, acordouse a adxudicación provisional do contrato de suministro polo sistema de renting dun vehículo patrulla para uso da Policía Local, Exp. S-N-03-2008

- Adxudicatario: CAIXARENTING S.A.U.

- Data da adxudicación provisional: 20.11.2008

- Importe de adxudicación:

A.- Precio sen iva: 36.929,48 euros.

B.- Iva: 5.763,84 euros.

C.- Precio total A+B: 41.788,32 euros.

O que se fai público de conformidade co disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Pontedeume, 21 de NOVIEMBRE de 2008.

O alcalde

Asdo. Gabriel Torrente Piñeiro

08/14396-0

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

ANUNCIO

Delegación de atribucións

DECRETO DE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN NO CONCELLEIRO DE OBRAS, URBANISMO, SERVIZOS E DESENVOLVEMENTO RURAL

ANTECEDENTES DE FEITO:

O decreto núm. 1665 do 17/07/2007 delega de forma xenérica atribucións no terceiro tenente de alcalde, don Marcelino Pena Franco.